

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5.^a, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 23.03.2017 Hora: 16:00

A Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 23 de marzo de 2017, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único: Proposicións non de lei en Comisión

- 1.1 819 (10/PNC-000069)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 4 máis
Sobre a realización polo Goberno galego de accións formativas específicas en materia de atención especializada a menores expostos á violencia de xénero
Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 10, do 09.11.2016
- 1.2 1904 (10/PNC-000206)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a reposición polo Goberno galego das prazas de xinecoloxía e pediatría suprimidas no Centro de Saúde das Pontes, a creación dun servizo de raios X e a asunción da titularidade do centro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 28, do 14.12.2016
- 1.3 3123 (10/PNC-000306)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre a elaboración polo Goberno galego dun plan plurianual para o período 2016-2020 para a devolución ao Hospital Comarcal do Salnés dos servizos existentes antes da implantación das estruturas organizativas de xestión integral, a dotación do persoal especialista necesario e o mantemento da terceira planta aberta durante todo o ano
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 48, do 19.01.2017
- 1.4 4022 (10/PNC-000374)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a negociación polo Goberno galego na Mesa Sectorial de Sanidade dun acordo para regular os permisos e as licencias do persoal do Sergas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 57, do 01.02.2017
- 1.5 4446 (10/PNC-000424)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co funcionamento, a xestión e a denominación da Casa da Xuventude de Ourense, actualmente denominada Espazo Xove, e o punto de encontro familiar instalado

no seu edificio

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 62, do 08.02.2017

Publicación correccións, BOPG n.º 66, do 15.02.2017

- 1.6 4477 (10/PNC-000427)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a creación polo Goberno galego de prazas da especialidade de Enfermaría Familiar e Comunitaria nos cadros de persoal do Sergas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017
- 1.7 5385 (10/PNC-000515)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 2 máis
Sobre a implantación polo Goberno galego do servizo de pediatría no Concello de Baralla, cando menos, dous días á semana, así como a garantía da prestación deste servizo nos concellos da Montaña lucense cos profesionais necesarios e cubrindo as baixas do persoal
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 75, do 01.03.2017
- 1.8 5565 (10/PNC-000534)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Trenor López, Gonzalo e 8 máis
Sobre a solicitude pola Xunta de Galicia ao Concello da Coruña da cesión dos espazos axeitados no mercado de Santa Lucía para prestar asistencia sanitaria aos usuarios do Centro de Saúde Federico Tapia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 75, do 01.03.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2017

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 13/03/2017 13:14:44

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5.^a, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 23.03.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1. Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 23.03.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.1 819(10/PNC-000069)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 4 máis

Sobre a realización polo Goberno galego de accións formativas específicas en materia de atención especializada a menores expostos á violencia de xénero

Publicación iniciativa carácter urxencia, 10, 09.11.2016



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2016 13:53
Nº Rexistro: 819
Data envío: 07/11/2016 13:53:22.012

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Aurelio Núñez Centeno, Miguel Tellado Filgueira, Marta Rodríguez Arias, Encarnación Amigo Díaz e Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez**, ao abeiro do disposto nos artigos 160, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión polo trámite de urxencia.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos:

A Lei Orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e, a Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, melloran a atención e a protección dos fillos e as fillas das mulleres vítimas de violencia de xénero.

Importante foi a modificación do artigo 1 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero para incluír aos menores como vítimas directas da violencia de xénero.

O informe da Macroenquisa de violencia contra a muller 2015 elaborado pola Delegación del Gobierno para la Violencia de Género, pon de manifesto que do total de mulleres que sofren ou sufriron violencia física, sexual ou medo das súas parellas ou exparellas e que tiñan fillos/as no momento no que se produciron os episodios de violencia, o 63,6% afirma que os fillos e fillas presenciaron ou escoitaron algunha das situacións de violencia.

Das mulleres que contestaron que os seus fillos/as presenciaron ou escoitaron os episodios de violencia, o 92,5% afirma que os fillos/as eran menores de 18 anos cando sucederon os feitos.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2016 13:53
Nº Rexistro: 819
Data envío: 07/11/2016 13:53:22.012**

Das mulleres que contestaron que os seus fillos/as presenciaron ou escoitaron os episodios de violencia de xénero e que estes fillos eran menores de 18 anos cando sucederon os feitos, o 64,2% afirma que estes fillos/as menores sufriron á súa vez violencia

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes presentan a seguinte Proposición non de Lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a levar a cabo accións formativas específicas en materia de atención especializada a menores expostos á violencia machista”.

Santiago de Compostela 07 de novembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 07/11/2016 13:27:31

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 07/11/2016 13:28:41

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 07/11/2016 13:28:52

Marta Rodríguez Arias na data 07/11/2016 13:29:08

María Encarnación Amigo Díaz na data 07/11/2016 13:29:29

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 07/11/2016 13:29:52

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

Reunión da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 23.03.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.2 1904(10/PNC-000206)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a reposición polo Goberno galego das prazas de xinecoloxía e pediatría suprimidas no Centro de Saúde das Pontes, a creación dun servizo de raios X e a asunción da titularidade do centro

Publicación da iniciativa, 28, 14.12.2016



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2016 17:42
Nº Rexistro: 1904
Data envío: 01/12/2016 17:42:47.294

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á reposición de persoal e ás actuacións a realizar no centro de saúde das Pontes.

No ano 2014 a Consellería de Sanidade decide eliminar a praza de xinecoloxía do Centro de Saúde das Pontes despois da xubilación do titular da praza. Dita eliminación do servizo deixa ás mulleres das Pontes en clara desigualdade. Tendo que ser asumido deste xeito pola doente o custe do desprazamento ao centro médico de referencia que dista da vila das Pontes a máis de 40 km. Ademais vulnérase o principio de protección das usuarias pontesas ante a lacra do cancro, xa que unha boa prevención do mesmo vese imposibilitada ante a carencia do servizo xinecolóxico no centro de saúde, e diante das longas listas de espera.

A esta eliminación do servizo xinecolóxico sumase a eliminación tamén dunha segunda praza de pediatría. Isto que supón que no período estival a titular da praza reduza o seu horario ás mañás, a catro horas ao día. Ademais non existe no Centro de Saúde unha atención pediátrica de urxencia en horario de tarde, ou nos fins de semana, sendo atendidos os menores por persoal non especializado, o que implica en numerosas situacións que @s doentes sexan remitidos a un centro a máis de 40km.

Outro servizo tamén demandado, e comprometido anteriormente pola Xunta de Galicia, é o servizo de Raios X que permitiría ter diagnósticos moito máis rápidos sen



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2016 17:42
Nº Rexistro: 1904
Data envío: 01/12/2016 17:42:47.294

necesidade de desprazamentos fóra das Pontes.

Polos motivos anteriormente expostos, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a:

-Que proceda á reposición da praza de Xinecoloxía e Pediatría eliminadas no centro de saúde das Pontes, así como a creación dun servizo Raios X.

-Asumir de xeito inmediato a titularidade do Centro de Saúde das Pontes.”

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2016

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2016 17:42
Nº Rexistro: 1904
Data envío: 01/12/2016 17:42:47.294

María Montserrat Prado Cores na data 01/12/2016 17:36:48

Olalla Rodil Fernández na data 01/12/2016 17:36:54

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/12/2016 17:36:59

Noa Presas Bergantiños na data 01/12/2016 17:37:03

Xosé Luis Bará Torres na data 01/12/2016 17:37:06

Ana Pontón Mondelo na data 01/12/2016 17:37:10

Reunión da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 23.03.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.3 3123(10/PNC-000306)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun plan plurianual para o período 2016-2020 para a devolución ao Hospital Comarcal do Salnés dos servizos existentes antes da implantación das estruturas organizativas de xestión integral, a dotación do persoal especialista necesario e o mantemento da terceira planta aberta durante todo o ano

Publicación da iniciativa, 48, 19.01.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Julio Torrado Quintela, e da súa deputada, Noela Blanco Rodriguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.

A implantación das Estruturas Organizativas de Xestión Integral (EOXI) no ano 2011 supuxo unha aposta da Consellería de Sanidade por retirar competencias, persoal e capacidade de decisión aos hospitais comarcais a favor dos grandes hospitais das cidades. Tanto a dotación de recursos, materiais e humanos, como as decisións sobre estrutura, funcionamento e organización asistencial se foron progresivamente perdendo nos hospitais comarcais. O caso do Hospital do Salnés resulta paradigmático desta situación. A implantación das EOXI recibiu contestación e desconformidade por parte de alcaldes de toda a zona de influencia do hospital, que manifestaron o seu rexeitamento á perda de condición de área sanitaria e alertaron da consecuentemente perda de servizos que traería.

Dende a implantación da EOXI, o Hospital do Salnés vén perdendo progresivamente servizos organizativos e asistenciais. O servizo de Neuroloxía consiste agora na visita dun especialista de Pontevedra tres días á semana. Ademais este servizo soamente se ofrece aos habitantes de Vilagarcía e Vilanova, mentres que o servizo de CardioloXía só atende a habitantes de Vilagarcía. O resto da comarca non ten esa dispoñibilidade. O servizo de Neuropediátría foi directamente enviado a Pontevedra, quedando o Hospital do Salnés sen un especialista do que antes dispoñía. Non é posible realizar cirurxía maior ambulatoria; perdeuse o aparato de telemando que se levou para Pontevedra, onde non había. A terceira planta permanece pechada 4 meses ao ano, perdendo capacidade e deteriorando a calidade asistencial no servizo de paliativos. A xerencia de atención primaria derivouse directamente a Pontevedra, perdendo contacto cos médicos de primaria, e capacidade de planificación e acción.

Na cuestión organizativa, a área perdeu a existencia dun almacén, que agora se atopa en Negreira e tarda días en servir as peticións. O servizo de subministracións retirouse para Pontevedra, ao igual que case o total do servizo de informática, do que permanece unicamente un traballador. O servizo de cita previa soamente está aberto de mañá, polo que as persoas que acudan pola tarde



Grupo Parlamentario

non poden tramitar a súa cita. Non existe servizo de contabilidade no Hospital do Salnés, xa que está derivado a Pontevedra impedindo ao centro levar o seu propio orzamento.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Un problema engadido preséntase coa terceira planta do Hospital, que xa tivo problemas para a súa apertura pola reticencia do Partido Popular. Esta é pechada en varios momentos do ano, fundamentándose por parte da xerencia en criterios de non necesidade asistencial, se ben cando estes peches se producen resultan en saturacións dos sistemas de urxencias e demoras na hospitalización (e aceleración das altas). Este peche ten sido denunciado pola xunta de persoal da área, que desvelou que as intencións reais están na redución de persoal traballando no Hospital, evidenciando que existen criterios económicos para a toma de decisións asistenciais.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que elabore un plan plurianual para esta lexislatura 2016-2020 que implique:

- a) A devolución de servizos ao Hospital do Salnés, permitindo recuperar aqueles que existían antes da implantación das EOXI en 2011, e que planifique as necesidades de incorporación de novos recursos materiais para poder desenvolvelos.
- b) A dotación de persoal especialista que permita a dita ampliación de servizos.
- c) Mantemento da terceira planta aberta de maneira permanente durante todo o ano, coa consecuente contratación de persoal de maneira estable para cubrir as necesidades reais.

Pazo do Parlamento, 9 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:



Grupo Parlamentario

Julio Torrado Quintela na data 10/01/2017 14:02:52

Noela Blanco Rodríguez na data 10/01/2017 14:03:03

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/01/2017 14:03:11

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 23.03.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.4 4022(10/PNC-000374)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a negociación polo Goberno galego na Mesa Sectorial de Sanidade dun acordo para regular os permisos e as licencias do persoal do Sergas

Publicación da iniciativa, 57, 01.02.2017



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2017 17:19
Nº Rexistro: 4022
Data envío: 24/01/2017 17:19:32.537

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa á negociación dun acordo de permisos e licenzas para o persoal do SERGAS.

A Lei do Emprego de Galiza e o o Real Decreto polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico d@ empregad@ públic@ son as dúas normas nas que se recolle unha nova concesión de permisos e licenzas referentes a: permisos por enfermidade, hospitalización e coidado no domicilio do familiar, conciliación familiar, ausencia do posto de traballo por enfermidade, por xestación..

En cumprimento desta normativa, tanto a Dirección Xeral de Función Pública como a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ,negociaron nas súas respectivas mesas sectoriais a regulación destes permisos para o persoal do seu ámbito. Así o DOG do luns 15 de febreiro publicou a Orde do 29 de xaneiro de 2016 pola que se regula o réxime de permisos, licenzas vacacións do persoal docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 e maio, de educación, ampliada pola Orde do 24 de



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2017 17:19
Nº Rexistro: 4022
Data envío: 24/01/2017 17:19:32.537

febreiro de 2016, DOG do 1 de marzo. De igual xeito o DOG do 4 de marzo de 2016 publica a Resolución do 21 de febreiro da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións sobre o réxime de vacacións, permisos e licenzas.

Na Orde de Función Pública recolle expresamente que a regulación non será de aplicación ao persoal estatutario, xa que se entende que este ten o seu propio ámbito de negociación.

Pola contra os máximos responsábeis do Servizo Galego de Saúde veñen negándose a negociar na mesa sectorial un acordo de permisos e licenzas para o seu persoal e pola contra aplican a normativa coa maior restrición posíbel.

O persoal do SERGAS ven tendo dificultades para gozar dos permisos regulados na normativa xeral, polo que é preciso unha norma propia que regule estes permisos, que recolla as especificidades do traballo na sanidade pública: prestación de servizo a través de quendas, prestación ininterrompida durante as 24 hs. do día, os 365 días do ano.

Por estas razóns o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a negociar na Mesa Sectorial de Sanidade un acordo para regular os permisos e licenzas do persoal do SERGAS, equiparábel cando menos tanto ao subscrito pola Dirección Xeral



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2017 17:19
Nº Rexistro: 4022
Data envío: 24/01/2017 17:19:32.537

de Función Pública como a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación
Universitaria nos seus ámbitos.”

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2017 17:07:34

Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2017 17:07:41

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/01/2017 17:07:45



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2017 17:19
Nº Rexistro: 4022
Data envío: 24/01/2017 17:19:32.537

Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2017 17:07:47

Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2017 17:07:48

Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2017 17:07:55

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 23.03.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.5 4446(10/PNC-000424)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co funcionamento, a xestión e a denominación da Casa da Xuventude de Ourense, actualmente denominada Espazo Xove, e o punto de encontro familiar instalado no seu edificio

Publicación da iniciativa, 62, 08.02.2017

Publicación correccións, 66, 15.02.2017



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A Casa da Xuventude de Ourense foi durante moitos anos o gran espazo dinamizador da cultura da cidade, de xeito especial entre a mocidade. Fundada en 1970, a segunda máis antiga de España, foi sobre todo a partir de 1978 coa chegada á dirección de Benito Losada cando viviu os seus mellores tempos, cunha grande actividade e, ademais, un funcionamento baseado na liberdade, na democracia e na participación da mocidade. Nas súas salas desenvolvéronse iniciativas de traxectoria consolidada e con repercusión en toda Galicia, coma as Xornadas de Banda Deseñada, o Outono Fotográfico, o Maio Xove, ou a Bienal de Caricatura.

No ano 2011, tralo pasamento do seu director, a Xunta de Galicia designou como directora a Mercedes Valeiras, que accedeu a este posto a través dun concurso público aberto enchido de irregularidades. Un recurso xudicial desautorizou este nomeamento, e apartou da dirección a Valeiras, que foi nomeada “coordinadora de actividades”, posto que exerce dende entón. Neste tempo a actividade da Casa, que mesmo mudou o seu nome polo de *Espazo Xove*, permanece practicamente bloqueada, cunha excesiva burocratización, a redución dos seus espazos e servizos, e un gran control político das súas actividades.

O último golpe da Xunta de Galicia é a nova situación do Punto de Encontro Familiar (PEF) dentro da Casa da Xuventude. Esta relocalización fainos pensar que existe un obxectivo claro: dismantelar este espazo emblemático da cidade de Ourense, deixándoo pouco a pouco baleiro de contido para convérte-lo nun edificio administrativo máis da Xunta de Galicia.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2017 13:18
Nº Rexistro: 4446
Data envío: 02/02/2017 13:18:09.737



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

1. Recuperar o esquema de funcionamento da entidade, suprimindo o posto de coordinadora de actividades da Casa da Xuventude de Ourense, e restituíndo das súas funcións e plenos poderes á Dirección do centro.
2. Fomentar a participación das asociacións e colectivos xuvenís, para a identificación de necesidades, a planificación de accións e campañas, a participación e co-xestión en programas, ou a coordinación e dinamización deste espazo.
3. Relocalizar o Punto de Encontro Familiar nun emprazamento máis idóneo.
4. Reactivar o Consello de Xestión coa restitución das súas funcións coxestoras dentro da Casa da Xuventude.
5. Cambiar a denominación desta entidade pola de “Casa de Benito Losada”.

Pazo do Parlamento, 2 de febreiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 02/02/2017 13:14:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2017 13:18
Nº Rexistro: 4446
Data envío: 02/02/2017 13:18:09.737



 [Grupo Parlamentario](#)

Raúl Fernández Fernández na data 02/02/2017 13:15:01

Julio Torrado Quintela na data 02/02/2017 13:15:07

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/02/2017 13:15:12

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 23.03.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.6 4477(10/PNC-000427)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a creación polo Goberno galego de prazas da especialidade de Enfermaría Familiar e Comunitaria nos cadros de persoal do Sergas

Publicación da iniciativa, 66, 15.02.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Comisión, sobre a creación de prazas para a especialidade de enfermería familiar e comunitaria.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Mediante a Orde SAS/179/2010, aprobouse o programa formativo da especialidade de Enfermería Familiar e Comunitaria, incorporándose Galicia no ano 2011 ao grupo de Comunidades Autónomas que forman especialistas.

A especialidade de Enfermería Familiar e Comunitaria, convértese nun eixo fundamental para o desenvolvemento de iniciativas que aposten por unha mellora na Atención Primaria, nunha sociedade na que o patrón epidemiolóxico e sociolóxico está mudando aceleradamente condicionado polo envellecemento da poboación e a baixa natalidade, polo que os cambios e melloras no primeiro nivel da cadea asistencial, son totalmente necesarios.

O Decreto 81/2016 de 23 de xuño, crea, no ámbito do Servizo Galego de Saúde, a categoría estatutaria de persoal enfermeiro especialista, contemplando no seu artigo 7 a dotación de prazas de xeito progresivo.

Sen embargo, colectivos como a Asociación Galega de Enfermería Familiar e Comunitaria, denuncian a nula planificación e expectativas que ten o SERGAS sobre a creación de prazas para dita especialidade. Isto contrasta cos constantes anuncios por parte da Administración sobre o desenvolvemento da Atención Primaria, así como a calidade asistencial ou o desenvolvemento profesional.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2017 09:58
Nº Rexistro: 4477
Data envío: 03/02/2017 09:58:41.225



Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia á creación de prazas da especialidade de Enfermería Familiar e Comunitaria nos cadros de persoal do SERGAS.

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 03/02/2017 09:56:59

Luis Villares Naveira na data 03/02/2017 09:57:10

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 23.03.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.7 5385(10/PNC-000515)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 2 máis

Sobre a implantación polo Goberno galego do servizo de pediatría no Concello de Baralla, cando menos, dous días á semana, así como a garantía da prestación deste servizo nos concellos da Montaña lucense cos profesionais necesarios e cubrindo as baixas do persoal

Publicación da iniciativa, 75, 01.03.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa do seu deputado e voceiro **Luís Villares Naveira** e das súas deputadas **Paula Vázquez Verao** e **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do establecido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Múltiples comarcas galegas padecen a carencia de servizo de pediatría, ben por excesiva ratio de tarxetas por profesional, ben polo afastamento do centro onde atende a profesional de referencia, feitos agravados pola non reposición de prazas cando as profesionais se atopan de baixa.

A falta de servizo de pediatría no rural galego é unha constante, converténdose o déficit deste servizo básico nun factor máis que acentúa a tendencia demográfica regresiva.

Na Montaña lucense, as nenas e nenos sofren moitas carencias no servizo de pediatría. Até seis concellos comparten unha soa praza de pediatría, que atende en días alternos no Corgo, Láncara e Becerreá, ata onde se desprazan os e as pacientes dos outros concellos: Baralla, O Páramo e As Nogais. Cando a profesional está de baixa, a praza non se cubre por parte do SERGAS, quedando os concellos sen servizo e tendo que acudir a Lugo para a consulta pediátrica.

Sendo unha zona que, polos seus indicadores socioeconómicos negativos precisa de políticas de reforzo para garantir a permanencia da poboación no entorno, non se entende como a Xunta non considera prioritaria a dotación dun servizo de pediatría adecuado ás necesidades da poboación nin como a Xunta non reclama do Goberno Central as necesidades en número de novas e novos pediatras *ad*



futurum, solicitando axustar estas necesidades na programación dos MIR por parte do Ministerio.

No Concello de Baralla, cunha poboación de 175 persoas entre 0 a 15 anos, segundo o Padrón municipal (2015), existe unha sala de pediatría, pero non hai consulta neste Concello, tendo que acudir os e as nenas ao concello do Corgo para ser atendidas só dous días á semana, os luns e mércores.

Neste momento, a profesional que atendía no Corgo leva dende outubro de 2016 de baixa, co cal as nenas e nenos de Baralla deben acudir a Lugo para ser atendidas por profesionais de Pediatría.

A Asociación Veciñal e Cultural “A Porta dos Ancares” ten recollidas máis de 1300 sinaturas entre a veciñanza do concello para solicitar que exista consulta pediátrica no Centro de Saúde de Baralla dous días á semana, petición apoiada por todos os grupos políticos municipais.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Implantar o servizo de pediatría no Concello de Baralla, canto menos, dous días á semana.
2. Garantir a prestación do servizo de pediatría nos concellos da Montaña lucense con profesionais suficientes e repoñendo as prazas cando o persoal se atope de baixa.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2017.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2017 11:39
Nº Rexistro: 5385
Data envío: 20/02/2017 11:39:37.842

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Eva Solla Fernández

Deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Deputado e Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 20/02/2017 11:38:17

Eva Solla Fernández na data 20/02/2017 11:38:27

Luis Villares Naveira na data 20/02/2017 11:38:36

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 23.03.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.8 5565(10/PNC-000534)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre a solicitude pola Xunta de Galicia ao Concello da Coruña da cesión dos espazos axeitados no mercado de Santa Lucía para prestar asistencia sanitaria aos usuarios do Centro de Saúde Federico Tapia

Publicación da iniciativa, 75, 01.03.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2017 10:07
Nº Rexistro: 5565
Data envío: 23/02/2017 10:07:51.614

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas, Gonzalo Trenor López, Aurelio Nuñez Centeno, M^a Encarnación Amigo Díaz, Marian García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Diego Calvo Pouso, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Martín Fernández Prado e Miguel Tellado Filgueira, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A necesidade de mellora dos espazos nos que actualmente se presta a asistencia sanitaria de Atención Primaria no centro de saúde da rúa Federico Tapia motivou que en outubro de 2014 se formalizara un protocolo de cooperación entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello da Coruña.

Neste protocolo establecéronse as bases para o estudio de viabilidade de novos usos sanitarios do recinto do Mercado de Santa Lucía, de titularidade municipal. Esta localización é a máis apropiada pola súa proximidade ao actual centro de saúde, pola dispoñibilidade de espazos nese recinto e polo apoio dos veciños a esta mellora.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte **Proposición non de Lei en Comisión**:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Concello de A Coruña a cesión dos espazos no mercado de Santa Lucía que se axusten ós requirimentos necesarios para unha asistencia sanitaria óptima para os veciños e veciñas que acuden o Centro de Saúde Federico Tapia”.



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2017 10:07
Nº Rexistro: 5565
Data envío: 23/02/2017 10:07:51.614**

Santiago de Compostela, 23 de Febreiro de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 23/02/2017 09:45:53

Gonzalo Trenor López na data 23/02/2017 09:46:19

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 23/02/2017 09:46:38

María Encarnación Amigo Díaz na data 23/02/2017 09:46:46

María Ángeles García Míguez na data 23/02/2017 09:46:55

Marta Rodríguez Arias na data 23/02/2017 09:47:11

Diego Calvo Pouso na data 23/02/2017 09:47:35

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 23/02/2017 09:47:44

Martín Fernández Prado na data 23/02/2017 09:48:04

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 23/02/2017 09:48:20

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com